

## **ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN**

### **ASUNTO: PROCEDIMIENTO DE LICITACIÓN PARA O ALLEAMENTO DE VEHÍCULOS MUNICIPAIS DECLARADOS EFECTOS NON UTILIZABLES.**

Sendo as 13:00 horas do día 9 de marzo de 2015, no salón de comisións do Centro de Servizos Municipais (sito na Ronda da Muralla 197), constitúese a Mesa de Contratación, presidida pola Ilma Sra. Tenente de Alcalde e Concelleira delegada da área de Economía, Emprendemento, Autónomos e Educación, dona Sonia Méndez García, e actuando como vocais:

- Dona Esther Muñoz Mella, polo Grupo municipal do P.S de Galicia-PSOE,
- Don Angel Trabada Gomez polo grupo municipal do Partido Popular.
- Dona Paz Abreira Sobrado polo grupo municipal do BNG.
- Don Marcial Rodríguez Toajas, Interventor Xeral Municipal.
- Dona Ana Isabel Sáez Mancebo pola Asesoría Xurídica.
- Don Manuel Louzao Aldariz, Xefe do Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento do Concello, actuando como secretario.

Abre a sesión a Sra. Presidenta e procedese por parte do Sr. Secretario a lectura do informe do Negociado de Rexistro do día 9 de marzo de 2015 no que se pon de manifesto que á presente licitación se presentou a seguinte plica:

#### **1.- DESGUACES HERBÓN, S.L.U.**

De seguido procédese á apertura da documentación presentada pola citada empresa observando que achega unicamente un único sobre, incluíndo nel documentos correspondentes á documentación administrativa e documentos da oferta económica, sen estar separados en sobres independentes, incumprindo por tanto, o sinalado na cláusula novena do prego de cláusulas administrativas particulares, que sinala:

“ ...

A inclusión errónea de documentación que deba estar incluída no sobre B dentro do sobre A, implicará automaticamente o rexeitamento da proposición.

...”

Á vista do exposto a Mesa de Contratación propón excluír da presente licitación á oferta presentada pola empresa DESGUACES HERBÓN, S.L., e ao tratarse da única oferta presentada, iniciar un novo procedemento de cara ao alleamento dos citados vehículos.

**CONTRATACIÓN, PATRIMONIO E FOMENTO.**

MLA/jlgn

Refª: ACTA MESA CONTRATACION DOCUMENTACION ADMINISTRATIVA VEHICULOS  
MUNICIPAIS.doc

Asunto:

Sen máis que manifestar, conclúese co asunto de referencia ás 13:30 horas  
no lugar sinalado no encabezamento.

A PRESIDENTA

O SECRETARIO

Asdo: Sonia Méndez García

Asdo: Manuel Louzao Aldariz